

Eólica



MANIFESTO DÍA DAS MONTAÑAS 2023

“Defendemos as montañas fronte a gobernos e especuladores”

A Coordinadora *Eólica Así Non*, e todos os colectivos e plataformas que formamos parte dela, volvémonos a mobilizar neste Día das Montañas fronte ao espolio eólico do noso territorio. Esta é o terceiro ano consecutivo no que aproveitamos este día para apelar ás administracións públicas a defender os valores e recursos naturais comúns dos montes galegos fronte á depredación eólica. Sen embargo, xa hai tempo que os gobernos da Xunta e do Estado abandonaron a súa función pública. Xa non son os valedores do interese xeral no proceso de transición ecolóxica. Están deixando moi claro que só están ao servizo do *lobby* enerxético.

Logo de que o Estado español eliminase por decretazo a avaliación ambiental da tramitación da autorización de proxectos eólicos, a Xunta de Galiza reforma a lei para facer prevalecer os proxectos eólicos sobre calquera outra actividade no territorio, declarándoos de “interese público superior”. Con esta manobra *golpista* pretende esquivar as sentenzas xudiciais que paralizan e anulan os proxectos eólicos ilegais recorridos polo pobo. Ademais, vén de destinar inxentes recursos públicos a unha sociedade público-privada na que está en minoría, coa finalidade de facilitar a explotación dos recursos naturais que son de todos e todas.

Ao tempo, tanto Xunta como Estado seguen a demorar *sine die* a ampliación dos espazos naturais protexidos galegos e recortando a capacidade de intervención das organizacións sociais e das comunidades de veciños e veciñas afectadas nos procedementos administrativos de planificación e autorización dos proxectos eólicos. A Xunta de Galiza está a prevaricar!

Por se fose pouco, Executivo e patronal protagonizan unha vergoñenta campaña de descrédito e coacción contra o Tribunal Superior de Xustiza, na que acusan ao poder xudicial de crear inseguridade xurídica, e a nós, á veciñanza afectada e aos colectivos sociais, de impedir que o país obteña riqueza e prosperidade. Este servilismo dos gobernos para co capital, co que se alía para atacar aos tribunais e á cidadanía, está a alimentar a lexitimidade do *lobby* enerxético para exercer con máis forza os seus abusos sobre as poboacións afectadas. En definitiva, os gobernos están entregando o país galego ao capital privado e incapacitándonos para acadar unha transición ordenada, equilibrada, ecolóxica e xusta cara a un territorio libre de combustíbeis fósiles. Son eles, os gobernos e os especuladores os que crean inseguridade xurídica, e somos nós, os galegos e galegas, as que defendemos as montañas e o país!

As montañas abastecen de auga e alimento á poboación, regulan o clima, absorven CO₂, controlan a erosión do solo, crean paisaxe e cultura, preservan a biodiversidade e constitúen o fogar secular de boa parte da poboación rural galega. Sen elas, a vida non sería posible. A pesar de todo, elas non gozan da consideración de “interese público superior”, nin prevalecen sobre os intereses privados do gran capital. Desde a Coordinadora “Eólica Así Non” reclamámolas como ecosistemas de interese público de primeira orde, de interese público supremo, principais garantes de saúde, de seguridade e de futuro para o pobo galego.

Por unha transición ecolóxica, xusta e ordenada e por garantir o noso futuro, comprometémonos desde a veciñanza e os colectivos sociais a seguir defendendo as montañas de gobernos e especuladores!

EÓLICA ASÍ NON!